



Tratamento farmacolóxico para deixar de fumar

## Como utilizar o comprimido de nicotina



Plan de atención sanitaria ao tabaquismo en Galicia



## O COMPRIMIDO DE NICOTINA é un medicamento de grande axuda para deixar de fumar. Non suprime totalmente as ganas de fumar pero fainas menos intensas e más facilmente controlables.

Os comprimidos conteñen 1 mg de nicotina que se libera durante os primeiros trinta minutos de uso, en función da intensidade das chupadas absorbea a mucosa da boca máis lentamente que a dos cigarros, o que provoca que non xeren adicción. PARA MÁIS INFORMACIÓN, CONSULTE CO SEU TERAPEUTA OU O PROSPECTO DO MEDICAMENTO

### ¿CANDO SE UTILIZA?

Sempre que teña ganas de fumar un cigarro ou cando antice unha situación na cal sabe que vai ter ganas.

Durante as catro primeiras semanas, pode tomar un cada unha ou dúas horas, sen utilizar máis de vinte comprimidos ao día. Despois, aconséllase unha reducción gradual. Recoméndase o seu uso durante dous meses, aínda que algunas persoas poderán necesitálos durante máis tempo.

O terapeuta pode pautar unha determinada dose diaria.

Pode ser utilizado ao mesmo tempo ca outros medicamentos para deixar de fumar.

### ¿COMO SE UTILIZA?

Introduza o comprimido na boca. Déalle cinco ou seis chupadas.

Cando empece a notar un sabor amargo ou irritante, deixe de chupalo e colóquelo debaixo da lingua ou entre a encía e a meixela. Intenta non tragarr a saliva que teña na boca.

Cando deixe de percibir por completo este sabor, trague a saliva e volva empezar o proceso.

Uns minutos antes de usar o comprimido, é conveniente non comer nin beber, excepto auga. O café, as bebidas con gas e os zumes de cítricos poden diminuír o seu efecto.

O comprimido pode resultar desagradable, producir molestias de boca e garganta, dor de estómago ou indigestión. Se o toma de forma axeitada, non ten porque pasar isto.

Servizo Galego  
de Saúde

Secretaría Xeral  
Servizo Galego de Saúde

Información divulgativa



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE